

Ensínelle ao seu fillo a regra de Kiko

Estímase que un de cada cinco nenos é vítima de violencia sexual, incluído o abuso sexual.

Vostede pode axudar a impedir que isto lles suceda aos seus fillos e aos nenos que están ao seu arredor. Ensínelle ao seu fillo a regra de Kiko.

A regra de Kiko



A regra de Kiko é unha guía sinxela para lles axudar aos pais, ás nais e aos educadores a lles explicar aos nenos e ás nenas onde outras persoas non poden tratar de tocalos e para lles dicir como deben reaccionar e a quen han de dirixirse para pediren axuda.

Que é a regra de Kiko? É sinxela: os nenos non deberían permitir que outros nenos ou adultos toquen partes do seu corpo que adoitan ir cubertas pola súa roupa interior. E tampouco deberían tocar outros nenos, nenas e/ou adultos nesas zonas.

Tamén axuda a lles explicar aos nenos que o seu corpo lles pertence, que existen segredos bos e malos e formas de tocar boas e malas.

Como se debe ensinar a regra de Kiko 2

Por que existe a regra de Kiko 5

Como se ha actuar se se sospeita unha situación de abuso 6

Onde se poden atopar os materiais, e os recursos e mais a información ... 7

Como se debe ensinar a regra de Kiko

A regra de Kiko estableceuse para lles axudar aos pais, ás nais e aos cuidadores a iniciar unha conversación cos seus fillos. Pode ser un instrumento moi eficaz para protexelos contra o abuso sexual e contra outras formas de violencia sexual.

A regra de Kiko recolle cinco aspectos importantes.

1. O teu corpo é teu

Debemos ensinalles aos nenos que o seu corpo lles pertence e que ninguén pode tocalos sen o seu permiso. A comunicación aberta e directa a unha idade temperá sobre a sexualidade e sobre as “partes privadas do corpo” –e para isto deben utilizarse os nomes correctos para os xenitais e para outras partes do corpo– axudaralles aos nenos e ás nenas a comprenderen aquilo que non está permitido. Os nenos teñen dereito a non querer que lles dean un bico ou a que os toquen, mesmo cando se trata dunha persoa á que queren. Débeselles ensinar aos nenos a dicir “non”, de forma inmediata e firme, a un contacto físico non apropiado, a afastarse de situacións non seguras e a lle contar as súas vivencias a un adulto de confianza. É importante que lles quede claro que deben insistir ata que alguén os tome en serio.

No libro, a man sempre lle pide permiso a Kiko antes de tocalo. Kiko dálle o seu permiso. Cando a man quere tocar dentro da súa roupa interior, Kiko di: “Non, iso si que non”. Os pais, a familia en xeral e os cuidadores poden utilizar esta escena para lles explicar aos nenos que poden dicir “non” en calquera momento.

2. Boa forma de tocar – mala forma de tocar

Os nenos non sempre recoñecen as formas apropiadas e non apropiadas de tocar. Debemos dicirlles aos nenos e ás nenas que non está ben que alguén mire ou toque as súas partes privadas ou que lles pidan que miren ou toquen as partes privadas doutra persoa. A regra de Kiko axudaralles a recoñecer un límite evidente e doado de lembrar: a roupa interior. Tamén lles axuda aos adultos a iniciar unha conversación cos nenos.

Se os nenos non están seguros de se o comportamento dunha persoa é aceptable, debemos asegurarnos de que saiban que lle poden pedir axuda a un adulto de confianza.

No libro, Kiko négase a que a man toque dentro da súa roupa interior. Os pais, os familiares e os educadores poden explicar que algúns adultos (coma os cuidadores, os pais ou os médicos) talvez teñan que tocar os nenos, pero deberían alentar os nenos a que digan “non”, se unha situación fai que se sintan incómodos.



3. Segredos bos – segredos malos

Os segredos son unha táctica primordial das persoas que cometen abusos sexuais. Por este motivo, é importante ensinarlles aos nenos a diferenza entre os segredos bos e malos e crear un clima de confianza. Cada segredo que lles preocupe, que os faga sentir incómodos, que os asuste ou que os poña tristes non é bo e non debería manterse; e, polo tanto, teríanllo que contar a un adulto de confianza (pai, mestre, orientador, policía, médico, etc.).

No libro, a man alenta a Kiko a dicir que “non” claramente se alguén quere tocalo de forma non apropiada. Esta escena pode utilizarse para explicar a diferenza entre un segredo bo (como unha festa sorpresa) e un segredo malo (algo que faga que se sinta triste ou que o poña nervioso). Os pais, a familia e os educadores deberían alentar os nenos a compartiren os segredos malos con eles.

4. A prevención e a protección son responsabilidades que lle incumben ao adulto

Cando os nenos son obxecto de abuso senten vergoña, creñense culpables e teñen medo. Os adultos debemos evitar crear tabús arredor da sexualidade, para asegurarnos de que os nenos saiban a quen deben dirixirse se están preocupados, nerviosos ou tristes. Os nenos poden percibir que algo non está ben, pero pode que non saiban como explicalo, nin a quen llo contar. Os adultos deberían estar atentos e ser receptivos aos seus sentimentos e comportamentos. Pode haber moitos motivos polos que un neno rexeite o contacto cun adulto ou con outro neno, e isto hai que respectarlo. Non obstante, os nenos deberían sentir en todo momento que poden falar cos seus pais sobre este tema.

A man do libro é amiga de Kiko. Os adultos están aí para lles axudar aos nenos na súa vida cotiá. A prevención da violencia sexual é a primeira e principal responsabilidade do adulto, e é importante evitar que os nenos asuman toda a carga.





5. Outros consellos útiles para acompañar a regra de Kiko

Notificación e revelación

Débense informar os nenos de que os adultos forman parte da súa rede de seguridade. Háselles alentar a que escollan os adultos nos que van confiar, aqueles que estean dispoñibles e dispostos a escoitalos e a axudalos. Só un membro da rede de seguridade debería vivir co neno, os outros deberían vivir fóra do círculo familiar inmediato. Os nenos teñen que saber como lles pedir axuda ás persoas que integran esta rede de confianza.

Autores coñecidos

Na maioría dos casos, o autor é alguén que o neno coñece. É particularmente difícil para os nenos pequenos comprender que alguén que os coñece poida abusar deles. Non hai que esquecer o proceso de preparación que utilizan as persoas que cometen abusos para gañar a confianza dos nenos. Debemos acostumar os nenos a que informen con regularidade os seus pais, nais, cuidadores e educadores da existencia no seu ámbito de alguén que lles ofrece regalos sen motivo aparente, que lles pide que manteñan segredos ou que trata de pasar tempo a soas con eles. Informar os adultos de todo iso debe ser unha norma establecida tanto na casa coma na escola ou en calquera outro lugar onde os nenos adoiten estar.

Autores descoñecidos

Nalgúns casos, o autor é un estraño. Ensínelles aos seus fillos regras simples sobre o contacto cos estraños: non subir nunca ao coche dun estraño, non aceptar nunca agasallos ou convites dun estraño etc.

Axuda

Os nenos deberían saber que existen profesionais que poden ser de grande axuda (mestres, traballadores sociais, defensores do pobo e da infancia, médicos, o psicólogo da escola, a policía, o orientador escolar etc.) e que existen números de teléfono gratuítos aos que poden chamar para pedir asesoramento, como pode ser o Teléfono Europeo de Axuda á Infancia (116 111).

Por que existe a regra de Kiko

Estímase que un de cada cinco nenos é vítima dalgún tipo de abuso e violencia sexual. Isto sucédelles aos nenos e ás nenas de todas as idades, razas, clases sociais e relixións. O autor adoita ser alguén que o neno coñece e en quen confía. O autor tamén pode ser un neno ou un adolescente.

Vostede pode axudar a impedir que isto lle suceda ao seu fillo

A clave é a boa comunicación co neno. Supón apertura, determinación, franqueza e un ambiente non intimidatorio.

A regra de Kiko pode axudarlle a iso

Nunca é demasiado pronto para lle ensinar a un neno a regra de Kiko, porque os abusos poden ter lugar a calquera idade.

Se se sente incómodo abordando este tema co seu fillo, recorde que probablemente sexa máis difícil para vostede como adulto que para el como neno.





Como se ha actuar se se sospeita un abuso

Se sospeita que o seu fillo ou a súa filla foi obxecto de abuso sexual, é importante que non se enfade con el. Debe evitar que o seu fillo sinta que fixo algo mal.

Procure non interrogar o neno. Pode preguntarlle que sucedeu, cando e con quen, pero non lle pregunte por que sucedeu.

Trate de non se desgustar diante do neno. Os nenos poden sentirse doadamente culpables e ocultar información.

Trate de non anticipar conclusións baseadas en información escasa ou pouco clara. Tranquilice o seu fillo, dígalle que tomará medidas e pónase en contacto con alguén que poida axudalo, como un psicólogo, un especialista en cuidados infantís, un médico, un traballador social ou a policía.

O Teléfono Europeo de Axuda á Infancia (116 111) é un servizo gratuíto atendido por profesionais cualificados que lles poden prestar unha importante axuda e orientación tanto aos nenos, ás nenas e aos adolescentes, coma aos pais, nais, familias, educadores e, en xeral, a calquera adulto directa ou indirectamente relacionado coa infancia. Debe poñerse en contacto con este teléfono cando sospeite que un neno foi vítima de violencia sexual.

Onde se poden atopar os materiais, os recursos e mais a información

O Consello de Europa elaborou un conxunto de materiais para lles axudar ás familias e aos educadores a ensinar a regra da roupa interior, a regra de Kiko.

- Un vídeo animado destinado ás televisións e a internet.
- Un conto ilustrado que os pais lles poden ler aos seus fillos de 3 a 7 anos.
- Varios modelos de carteis e postais.

De forma complementaria, a Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil en España (FAPMI) deseñou unha guía informativa sobre abuso sexual infantil e unha guía didáctica para facilitar o traballo cos nenos e coas nenas.

Todo este material está dispoñible a través das seguintes web: web do Consello de Europa sobre a campaña: www.laregladekiko.org e web da Federación de Asociacións para a Prevención do Maltrato Infantil en España: www.fapmi.es.

A regra de Kiko forma parte da campaña Un de Cada Cinco, do Consello de Europa, para lle poñer fin á violencia sexual contra os nenos.

Para obter máis información sobre as outras medidas de prevención e protección que promovemos, visite o sitio web: www.coe.int/oneinfive.

